

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA do CURSO 2021/2022

## Educación Plástica, Visual e Audiovisual

Engádese un **ANEXO** (ao final da Programación) cas modificacións requeridas na **actual normativa de avaliación** segundo a *Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.*

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

# EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL

IES DE BARRO BARRO CURSO 2021-2022

- Profesor-Xefa do Departamento: **M<sup>a</sup> Teresa Rigueira Rodríguez**
- Materias (niveis e cursos): ***Educación Plástica, Visual e Audiovisual***  
**(1º, 3º e 4º ESO).**

## ÍNDICE

- 1- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.
  - 1.1 SITUACIÓN ACTUAL DE PANDEMIA.
- 2- CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE DA MATERIA  
“EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL”.
- 3- OBXECTIVOS XERAIS DA ESO.
- 4- CONTRIBUCIÓN DA “EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL” AOS OBXECTIVOS DA ETAPA.
- 5- **CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA.**
  - 5.1 ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL**
  - 5.2 ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL**
- 6- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.
- 7- CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN.
  - 7.1 PROCEDEMENTOS DE AVALACIÓN E AVALIACIÓN INICIAL.**
  - 7.2. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN, PROCEDEMENTOS E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN.**
    - 7.2.1 EDUCACIÓN PRESENCIAL**
    - 7.2.2 EDUCACIÓN NON PRESENCIAL**
  - 7.3 MECANISMOS DE RECUPERACIÓN.**
    - 7.3.1 EDUCACIÓN PRESENCIAL**
    - 7.3.2 EDUCACIÓN NON PRESENCIAL**
  - 7.4 AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA DE XUÑO.**
  - 7.5 PLAN DE MATERIAS PENDENTES E AVALIACIÓN.**
    - 7.5.1 PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS.**
- 8- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.
- 9- TRANSVERSALIDADE.
- 10- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES. PROXECTO EDUCACIÓN RESPONSABLE.
- 11- MECANISMOS DE REVISIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓN.
- 12- **INDICADORES DE LOGRO PARA EVALUAR A PRACTICA DOCENTE.**
- 13- “EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL” 1º ESO**
  - 13.1-ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS PARA EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL 1ºESO.**
    - 13.1.1. DESENVOLVEMENTO. CONTRIBUCIÓN Á CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS E Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.**
    - 13.1.2..ESTÁNDARES MÍNIMOS DE CONSECUCIÓN ESIXIBLES PARA SUPERAR A MATERIA EN 1º ESO.**
    - 13.1.3. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN**
- 14- “EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL” 3º ESO**

**14.1-ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS PARA *EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL* 3ºESO.**

**14.1.1.** DESENVOLVEMENTO. CONTRIBUCIÓN Á CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS E Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

**14.1.2.** ESTÁNDARES MÍNIMOS DE CONSECUCIÓN ESIXIBLES PARA SUPERAR A MATERIA EN 3º ESO.

**14.1.3.** SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

**15- "EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL" 4º ESO**

**15.1-ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE. CONCRECIÓNS METODOLOXICAS PARA *EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL* 4º ESO.**

**15.1.1.** DESENVOLVEMENTO. CONTRIBUCIÓN Á CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS E Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

**15.1.2.** ESTÁNDARES MÍNIMOS DE CONSECUCIÓN ESIXIBLES PARA SUPERAR A MATERIA EN 4º ESO.

**15.1.3.** SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

**1 -INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.**

A presente Programación Anual segue as directrices marcadas pola lexislación vixente e os obxectivos xerais das diferentes etapas. A Lei orgánica 8/2013 de 9 de decembro para a mellora da calidade educativa (BOE de 10 de decembro de 2013). Decreto 86/2015, do 25 de xuño polo que se establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato na Comunidade autónoma de Galicia (DOG de 29 da xuño de 2015). Resolución do 27 de xullo de 2015 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2015/16 para a implantación do currículo da educación secundaria e do bacharelato nos centros da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG de 29 de xullo de 2015). Segue tamén as directrices das instrucións do 30 de xullo de 2020 en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso 2021/2022. Asimesmo o departamento de *Educación Plástica, Visual e Audiovisual* presenta e responsabilízase da organización, estruturación e periodización da materia nos diferentes apartados (obxectivos, contidos, secuenciación, criterios de avaliación, metodoloxía), así como a especificación dos materiais curriculares, actividades extraescolares, programas de reforzo, contidos transversais e demais apartados que compoñen a Programación Anual.

O centro IES de Barro para o curso 2021-2022 contén cinco unidades de Educación Secundaria Obrigatoria: unha de 1º ESO, duas 2º ESO, unha 3º ESO e unha 4º ESO. Está situado no rural, en Outeiro- Perdecanaí, no concello de Barro; este ten aproximadamente 3.716 habitantes dispersos en cinco pequenos núcleos: Agudelo, Barro, Curro, Perdecanaí, Portela e Valiñas.

A maioría dos seus habitantes viven dos cultivos e da gandería e aínda que tamén hai familias que viven do comercio e da industria. O poder adquisitivo da maioría das familias é medio baixo, incluso hai un porcentaxe delas cun nivel adquisitivo moi baixo (entendendo isto como que bastantes fogares precisan axudas sociais-económicas para a manutención dos seus fillos ). A maioría dos pais teñen entre 35-45 anos e soen compartir vivenda cos avós. Moitas delas son familias desestruturadas e algunhas con problemas graves, incluso de integración.

O nivel cultural tamén é moi baixo, en moitas familias non hai ningún membro que acadara o nivel de formación da ESO ou estudos primarios, sendo moi poucos os que fixeron o bacharelato, Formación Profesional e as menos, estudos universitarios

superiores.

A actividade cultural destas familias é moi escasa, centrándose, case exclusivamente, en labores musicais (grupos baile ou canto, e banda municipal) e algunha no deporte.

A lingua habitual nos fogares é o galego, e en canto á opción lingüística da escola as familias optan por todo o ensino en galego máis que recibilo ensino en castelán.

En canto a relación co centro, algunhas familias consideran moi importante esta relación, manifestando un alto grao de satisfacción por todo o concerninte ao mesmo, pero moitas teñen disinterese por o seguimento dos estudos dos seus fillos.

Con respecto aos intereses ó rematar o ensino obrigatorio, aproximadamente a metade do alumnado desexan seguir estudando, bacharelato e formación profesional (nesta orde), e a outra metade, quizais menos, desexa empezar a traballar.

A gran maioría ten boa aceptación do IES como lugar de aprendizaxe e formación.

Materias impartidas do Departamento de Debuxo neste curso 2021-2022 :

1. **“Educación plástica, visual e audiovisual”** , 1º ESO 2 grupos, 2 hora / semana, total: 4 horas.
2. **“Educación plástica, visual e audiovisual”** , 3º ESO, 1 grupo, 2 hora / semana, total: 2 horas.
3. **“Educación plástica, visual e audiovisual”** , 4º ESO, 1 grupo, 3 horas / semana, total: 2 horas.

### **1.1-SITUACIÓN ACTUAL DE PANDEMIA**

Neste presente curso 2021-2022 tampouco se poderán impartir as clases do Departamento na Aula materia polo que o profesorado do Departamento deberá levar os materiais específicos necesarios ás aulas dos diferentes grupos. Tampouco se poderán realizar actividades prácticas que impliquen o préstamo e uso de instrumental específico artístico común, como por exemplo todo o material de fotografía (líquidos, ampliadoras,...), grabado (tórculo, rodillos, tintas,...).

Debida á situación sanitaria actual debemos ter en conta unha posible situación de **educación non presencial** polo que se organizarán **sesións de**

**videoconferencia** na plataforma **CISCO WEBEX** co alumnado para o **seguimento do curso, explicación de contidos e resolución de dúbidas.**

Tamén nesta posible situación de **educación non presencial a avaliación e presentación de contidos** farase tamén a través da **AULA VIRTUAL** do centro e de **EDIXGAL** para todos os cursos. Todos as unidades e exercicios están dispoñibles polo tanto na Aula Virtual e en EDIXGAL para consulta e uso do alumnado.

Se fose preciso en consecuencia, unha **avaliación non presencial** tamén sufrirá modificacións, así coma os **procedementos e instrumentos de avaliación**; adaptaranse e permitirán determinar o nivel competencial acadado por o alumno , adecuándose á situación:

Terá as seguintes partes:

1. **Parte teórico-práctica:** asistencia pola plataforma Webex ás videoconferencias-vídeoclases e participación e implicación nas mesmas mediante a interacción entre o alumno e o profesor, 20% da nota.
2. **Parte práctica:** Entrega dos traballos nas datas propostas a través da Aula Virtual ou Edixgal, 80 % da nota.

## **2- CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE DA MATERIA “EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL”.**

O currículo da materia de EPVeA permite a todo o alumnado o **desenvolvemento de todas as competencias clave**, desde un enfoque significativo e integral, interrelacionando saberes conceptuais, saberes procedimentais, actitudes e valores propios da materia. A contextualización das aprendizaxes e as metodoloxías activas que se poñen en xogo garanten a transferencia do aprendido, contribuindo ao desenvolvemento de cada unha das sete competencias clave da seguinte maneira:

### **CCL Competencia en comunicación lingüística**

Desde o coñecemento do seu propio contexto socio-cultural, o alumnado **interpretará e elaborará mensaxes visuais** aplicando os códigos da linguaxe plástica (bidimensional e tridimensional). A través de experiencias de aprendizaxe variadas conxugaranse diferentes formatos, soportes, contextos e situacións de comunicación, o cal poñerá en xogo o discurso, o argumento, a escoita activa e a linguaxe non verbal. Isto permitirá descubrir a crítica construtiva, o diálogo e a conversación como fontes de goce. A expresión das propias ideas, experiencias e emocións favorecerá a interacción e o intercambio comunicativo a través da linguaxe plástica. Por último, a procura e o tratamento crítico da información constituirán un aspecto clave.

### **CMCCT Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía**

Ao establecerse nesta materia unha **relación profunda entre coñecemento conceptual e coñecemento procedimental** en todos os niveis da etapa, o alumnado deberá **razoar matematicamente** para describir, manexar medidas, así como analizar as relacións entre as figuras (propiedades xeométricas, posicións e direccións relativas, proporción, composición, perspectiva, etc.). Coñeceranse e manipularán diferentes materiais, estudando a súa idoneidade en creacións concretas. Mediante a **aplicación de procesos científicos** (identificar preguntas, indagar solucións posibles, contrastar ideas, deseñar probas, foméntanse os valores de atención, disciplina, rigor, paciencia, limpeza, iniciativa, responsabilidade, etc., atendendo aos principios da **ética social**, da **saúde** e da **conservación e mellora do medio natural**.

### **CD Competencia dixital**

Potenciarase o uso activo e creativo das aplicacións informáticas, para **buscar e procesar información** (analizar, contrastar e avaliar), transformándoa en coñecemento, e para compoñer textos e imaxes dixitais, debuxando planos, realizando variacións formais e de cor, xerando figuras, compoñendo secuencias visuais e sonoras, etc. Doutra banda, a participación e o **traballo colaborativo en liña** permitirán unha resolución máis eficiente das tarefas e actividades expostas.

### **CAA Competencia de aprender a aprender**

O alumno desenvolverá a súa habilidade para **iniciar, organizar e persistir** nas súas tarefas. As propostas de creación abertas e contextualizadas favorecerán que se sinta **protagonista do proceso** e do resultado da súa propia aprendizaxe. Identificando os seus propios logros sentirase auto-eficiente, reforzando así a súa autonomía e tomando conciencia de como se aprende: **coñecerá** (o que xa sabe sobre a materia, o que aínda descoñece, o que é capaz de aprender,...), **reflexionará** (sobre as demandas da tarefa exposta, sobre as estratexias posibles para afrontala,...) e **organizará** o propio proceso de aprendizaxe para axustalo ás súas capacidades e necesidades (deseño do plan de acción, autoavaliación continua, análise e valoración do resultado obtido e do proceso empregado). Cabe sinalar que tamén se aprende observando como os demais aprenden, polo que o **traballo individual e traballo cooperativo** serán complementarios.

### **CSC Competencias sociais e cívicas**

A partir da **interpretación de fenómenos e problemas sociais** contextualizados elabóranse respostas, tómanse decisións e interactúase cos demais, resolvendo conflitos



partindo da tolerancia e o respecto, expresando e comprendendo puntos de vista diferentes e mostrando empatía. A **cooperación** permanente favorecerá o benestar persoal e colectivo. O **compromiso social** e a disposición para a **comunicación intercultural** axudarán a superar os prexuízos e a resolver os problemas que afectan a contorna escolar e á comunidade, de maneira activa, solidaria e construtiva. Así, desenvolverase o respecto dos valores e a intimidade das crenzas, da cultura e da historia persoal e colectiva, tanto dun mesmo como dos demais.

### **CSIEE Competencia de sentido de iniciativa e espírito emprendedor**

Desde o autoconhecimento, a autoestima, a autoconfianza, a autonomía, o interese e o esforzo, o estudante aprenderá a saber **elixir, planificar e xestionar** diversos coñecementos, destrezas ou habilidades e actitudes con criterio propio e con fins concretos. Desenvolverá a súa capacidade para **transformar as ideas en actos** con iniciativa, creatividade e imaxinación, a través de traballos individuais e en equipo que lle esixirán organizar, comunicar, presentar, representar, participar, negociar, xestionar recursos, delegar, tomar decisións, avaliar, autoavaliar,...

### **CCEC Competencia de conciencia e expresións culturais**

O alumnado coñecerá e empregará as principais técnicas, materiais, recursos e convencións das diferentes **linguaxes artísticas**, utilizándoos como medio de expresión e creación persoal para comunicar e compartir ideas, experiencias e emocións. Así, desenvolverá as súas **habilidades perceptiva e comunicativa**, a súa **sensibilidade** e o seu **sentido estético**. É dicir, a súa capacidade para coñecer, comprender, apreciar e valorar con espírito crítico e con actitude aberta e respectuosa autores, obras, xéneros e estilos de diversas manifestacións artístico-culturais, relacionándoos coa sociedade na que se crean, aprendendo a gozalas, conservalas e consideralas parte da riqueza e patrimonio cultural dos pobos. Atendendo á gran diversidade cultural da nosa sociedade, aprenderanse e desenvolveranse os **principios da liberdade de expresión e o diálogo entre culturas e sociedades**, presentes na realización de experiencias artísticas compartidas, nas que se apoiarán e apreciarán as contribucións dos demais compañeiros. Experimentarase tamén o pracer pola **participación na vida e actividade cultural da propia contorna**, desde a responsabilidade que leva a implicación dun proxecto común.

## **3- OBXECTIVOS XERAIS DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA.**

Esta etapa formativa contribuirá a desenvolver de xeito efectivo no alumnado as capacidades que lle permitan acadar os seguintes obxectivos de carácter xeral:

<b>a</b>	Asumir responsablemente os seus <b>deberes</b> , coñecer e exercer os seus <b>dereitos</b> no respecto ás demais persoas, practicar a <b>tolerancia</b> , a <b>cooperación</b> e a <b>solidariedade</b> entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os <b>dereitos humanos</b> e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da <b>ciudadanía democrática</b> .
<b>b</b>	Desenvolver e consolidar hábitos de <b>disciplina, estudo e traballo individual e en equipo</b> , como condición necesaria para unha realización

	eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
<b>c</b>	Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. <b>Rexeitar a discriminación das persoas</b> por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra muller.
<b>d</b>	Fortalecer as súas <b>capacidades afectivas</b> en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como <b>rexear a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas</b> , e resolver pacificamente os conflitos.
<b>e</b>	Desenvolver <b>destrezas básicas na utilización das fontes de información</b> , para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
<b>f</b>	Concibir o <b>coñecemento científico</b> como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
<b>g</b>	Desenvolver o <b>espírito emprendedor</b> e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
<b>h</b>	Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na <b>lingua galega</b> e na <b>lingua castelá</b> , textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
<b>i</b>	Comprender e expresarse nunha ou máis <b>linguas extranxeiras</b> de maneira apropiada.
<b>l</b>	Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da <b>historia</b> propias e das outras persoas, así como o <b>patrimonio artístico e cultural</b> . Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
<b>m</b>	Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os <b>hábitos de coidado e saúde corporais</b> , e incorporar a <b>educación física</b> e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a <b>dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade</b> . Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o <b>consumo</b> , o <b>coidado dos seres vivos</b> e o <b>medio ambiente</b> , contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
<b>n</b>	Apreciar a <b>creación artística</b> e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
<b>ñ</b>	Coñecer e valorar os aspectos básicos do <b>patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia</b> , participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o

Coñecer e valorar a importancia do uso da **lingua galega** como elemento fundamental para o mantemento da **identidade de Galicia**, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á **comunidade lusófona**.

#### **4- CONTRIBUCIÓN DA “EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL” AOS OBXECTIVOS DA ETAPA.**

A EPVeA contribúe aos obxectivos propios da Educación Secundaria Obrigatoria a través dos seguintes obxectivos específicos:

1. Utilizar a linguaxe plástica, visual e audiovisual para **expresar emocións e sentimentos, vivencias e ideas**, contribuíndo á **comunicación, reflexión crítica e respecto entre as persoas**.
2. **Expresarse con creatividade**, utilizando as diversas ferramentas e **técnicas plásticas e visuais, relacionándoas con outras linguaxes** e aplicando nas súas creacións as **tecnoloxías da información** e da comunicación máis axeitadas.
3. Interpretar e recoñecer a importancia da **imaxe** nos medios de comunicación de masas, a súa influencia no pensamento social e actuar de modo crítico ante as mensaxes visuais.
4. Valorar a **expresión plástica, visual e audiovisual** como medio de expresión artística de sociedades e culturas diferentes. Apreciar como un xeito de entendemento e concordia entre pobos, valorando as súas similitudes e diferenzas.
5. Coñecer, comprender e aplicar correctamente a **linguaxe técnica-gráfica** e a súa terminoloxía, adquirindo hábitos de observación, precisión, rigor e pulcritude, valorando positivamente o esforzo e a superación das dificultades.
6. Desenvolver o gusto por participar na **vida cultural**, apreciando o feito artístico, os seus valores culturais e estéticos, identificando, interpretando e valorando os seus contidos; entendela como fonte de goce estético e parte integrante da diversidade cultural, contribuíndo ao respecto, conservación e mellora do patrimonio artístico.
7. Recoñecer, comprender e valorar as manifestacións da **cultura galega**, apreciando o patrimonio cultural e contribuíndo á súa conservación e mellora.
8. Desenvolver o **pensamento lóxico e matemático** na resolución do proceso creativo aplicado á representación de formas e espazos mediante o emprego das

**proporcións e da perspectiva, valorando a súa aplicación no mundo da arte, da arquitectura e do deseño.**

9. **Planificar** e reflexionar, de forma individual ou colectiva, sobre o proceso de realización dun obxecto partindo duns obxectivos prefixados e revisar e valorar, ao final de cada fase, o estado do seu desenvolvemento.
10. Aplicar as distintas técnicas de **traballo cooperativo** fomentando a responsabilidade e favorecendo o diálogo e a comunicación.
11. Respetar e apreciar outros modos de expresión plástica, visual e **audiovisual distintos do propio e dos dominantes na contorna**, superando estereotipos e convencionalismos, e elaborar xuízos e criterios persoais que permitan actuar con autonomía e iniciativa e potencien a autoestima.
12. Establecer unha **actitude positiva ante os novos retos**, admitindo os erros e valorando os acertos como parte do proceso de formación do individuo.

## **5- CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA.**

### **5.1 ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL**

É necesaria unha orientación didáctica que permita o desenvolvemento dos bloques de contidos e a consecución dos estándares de aprendizaxe desta materia a partir dunha METODOLOXÍA ACTIVA na cal o principio elemental sexa aprender a usar como receptores e emisores, diferentes códigos baseados na percepción visual: “*aprender a ver*” e “*aprender a facer*” imaxes; así como o do fomento da autonomía individual e persoal, expresándose de xeito autónomo mediante as linguaxes baseadas na percepción visual, estimulando a creatividade e a sensibilidade do alumno.

Isto podería concretarse nun proceso que consta das seguintes fases:

#### **a. Motivación e avaliación dos conceptos previos**

Intentarase despertar a curiosidade do alumno conectando e enfocando a materia de aprendizaxe desde a súa realidade máis inmediata (traballando a transferencia de linguaxes) ao mesmo tempo que se avalían os seus coñecementos previos, como punto de partida imprescindible para a consecución dunha aprendizaxe significativa.

#### **b. Desenvolvemento dos contidos e actividades de aprendizaxe**

Se ben é unha área na que hai que destinar grande parte do tempo á execución de exercicios (de carácter gráfico-plástico maioritariamente, aínda que non exclusivamente), pois é a partires da **práctica** como se acada un coñecemento e dominio posterior da materia, é necesario tamén a reflexión **teórica**, que o profesor estimulará antes, durante e/ou despois (dependendo do carácter dos contidos) das propias actividades, facendo uso de recursos variados: a palabra oral e escrita, imaxes en distintos soportes, medios audiovisuais, etc.

A introducción dos diferentes procedementos farase **gradualmente**, e non se descarta recorrer, cando se estime oportuno, a unha **metodoloxía instructiva**, sen que isto supoña un obstáculo para a experimentación e o desenvolvemento da propia personalidade do alumno.

Os tipos de **ACTIVIDADES** propostas no desenvolvemento de cada unidade didáctica formarán un todo co núcleo do tema, e serán as seguintes:

- ① **Actividades de adquisición dos coñecementos básicos** (enriquecemento conceptual) que permitan o desenvolvemento do traballo persoal de forma organizada e constructiva, facendo fincapé no sentido práctico dos coñecementos e afastándonos do verbalismo e da abstracción innecesaria. Á exposición do profesor seguiralle unha fase de debate para aclaración, afirmación e desenvolvemento de ideas polo alumno, que se considera fundamental nos seus procesos de aprendizaxe.
- ② **Actividades de observación e análise**, en especial da obra realizada por artistas, científicos e profesionais eminentes, como medio para o estímulo da propia capacidade de avaliación estética e de creación do alumno.
- ③ **Actividades de comprensión**, que lle permitan ao alumno desenvolver persoalmente os coñecementos adquiridos no estudo do tema.
- ④ **Actividades de expresión (gráfico-plástica e audiovisual)**, onde o alumno poña a proba a súa implicación e iniciativa no tema proposto.

Procurarase unha **ensinanza individualizada**, na que o profesor oriente a actividade de cada alumno canalizando os contidos cara o desenvolvemento da súa propia personalidade expresiva, fuxindo de esquemas ríxidos e estereotipados, e favorecendo a creatividade e a experimentación. Empregaranse **actividades de reforzo e ampliación**.

Estimularase a aplicación dos **coñecementos e habilidades** adquiridos en prácticas anteriores así como a **transferencia** dos mesmos a outras áreas do coñecemento e á vida diaria.

Terase presente a incorporación dos **contidos transversais** no desenvolvemento da área, que se levará a cabo tanto dun xeito implícito como explícito, como temática das distintas actividades de aula.

Fomentarase, así mesmo, actividades que requiran distintas **formas de agrupamento** dentro da aula.

## **5.2 ACTIVIDADE LECTIVA SEMIPRESENCIAL / NON PRESENCIAL**

**Levaranse a cabo medidas extraordinarias e organizativas que favorezan o desenvolvemento de todo o alumnado:**

- **-Procurarase o emprego e uso dos recursos dixitais e das tic como recurso didáctico preferente.**
- **-Proposta de tarefas gloalizadas que requiran a posta en práctica de todas as competencias do alumnado.**
- **-Actividades e proxectos de traballo que favorezan a auto-aprendizaxe, así coma o pensamento crítico e creativo.**
- **-Fomentarase a investigación mediante proxectos de traballo.**
- **-Tarefas que fomenten a aprendizaxe cooperariva e potencien o traballo en equipo.**

Levaranse a cabo sesións de videoconferencia a través da plataforma Cisco WEBEX interactuando virtualmente co alumnado para o seguimento do curso, presentación e explicación de contidos e resolución de dúbidas. Así coma a avaliación dos mesmos. Asimesmo, tamén se traballará ca aula virtual do centro e a ferramenta EDIXGAL. Todos as unidades e exercicios están dispoñibles, polo tanto, na Aula Virtual e en EDIXGAL para consulta e uso do alumnado.

Método de ensino	Descrición
Actividades teóricas	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Cartafol/dossier no curso Edixgal e/ou na aula virtual, coa introdución e exposición dos contidos fundamentais do tema e tarefas a desenvolver, incluída a realización de exercicios guiados.</li> <li>• Videoclases a través da plataforma CISCO WEBEX e resolución de dúbidas sobre o tema proposto.</li> </ul>
Actividades prácticas autónomas	<b>Proposta</b> de exercicios prácticos que o alumnado tratará de resolver de forma autónoma, relativos ao tema de estudo.
Actividades prácticas colaborativas e integradas	<b>Presentacións</b> das solucións individuais aos exercicios prácticos propostos a través das canles Edixgal ou aula virtual.
Actividades prácticas guiadas	<b>Corrección</b> dos exercicios entregados. O alumnado poderá verificar, corrixir (de ser o caso) e mellorar a súa proposta dentro do prazo fixado para a súa realización.
<b>Metodoloxía xeral (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>a) O profesor seleccionará e adaptará as metodoloxías mais axeitadas á situación e ós recursos tecnolóxicos dispoñibles polo seu alumnado e tentarase en todo momento o emprego de recursos mínimos. Considerarase en primeiro lugar a verificación da posible existencia de fendas dixitais entre o alumnado, en colaboración cos titores de grupo e a Xefatura de Estudos. Empregarase como medio de referencia, tanto para a exposición de recursos como para a presentación telemática das tarefas, o curso edixgal.</li> <li>b) Ter en conta a desigualdade que produce o confinamento entre o alumnado e que se materializa nas diferencias de apoio que pode recibir o alumnado no seu entorno e a dispoñibilidade de recursos tecnolóxicos para desenvolver unha educación non presencial.</li> <li>c) Evitar o incremento do estrés propio da situación cunha proposta excesiva de tarefas e actividades educativas a desenvolver.</li> <li>d) Evitar a sobrecarga de tarefas a facer polo alumnado: para acadar este obxectivo as actividades propostas serán deseñadas co obxectivo de que poidan ser resoltas polo alumnado sen exceder o 80 % do tempo semanal asignado no horario dos grupo a materia de Educación Plástica Visual e Audiovisual (1ºESO 2 horas semanais, 3º ESO 2 horas semanais e 4ºESO 3 horas semanais). Asemade definirase unha organización para o envío das actividades ó alumnado; contemplarase sempre un tempo mínimo de sete días para que este as poida facer e proceder o seu envío. Habilitarase un período de consultas e resolución de dúbidas.</li> </ol>

## **6- MATERIAIS E RECURSOS**

Empregaranse sempre que sexa necesario o contido teórico da materia mediante **MATERIAIS DE APOIO**, xa sexan estas fotografías, animacións, vídeos, ilustracións, planos etc. Considérase moi valiosa a utilización de **medios audiovisuais** pola importancia que ten para o alumno coñecer feitos e realidades que non poderán ser levados á aula doutro xeito.

Pretendemos que a comprensión, coñecemento, **manexo e aplicación das NOVAS TECNOLOXÍAS dixitais** sexa factible no maior número de posible de exercicios ao longo do curso académico, xa que permiten novos medios de expresión e investigación:

- ⌚ Potenciarase o uso de programas de código aberto (**software libre**) tanto para a investigación e elaboración de contidos gráfico-plásticos (especificamente sistemas de Deseño Asistido por Ordenador, de animación...) como para a súa presentación (e posterior publicación).
- ⌚ Procurarase, coas limitacións impostas polos recursos dispoñibles, que o alumno sexa quen de presentar o seu traballo tanto no **formato “físico” tradicional** como en diferentes **formatos dixitais ou audiovisuais**.

O alumno deberá dispor para o traballo diario dos seguintes **MATERIAIS**:

- ⌚ **Básicos (mínimo e imprescindible):** Xogo de regras: escuadro e cartabón, regra graduada e compás (con adaptador para lápises e rotuladores). Lapis de grafito ou portaminas (2H e HB) e goma de borrar. Follas brancas en formato DIN-A4 ou block de debuxo para o desenvolvemento dos exercicios de aula. Carpeta para o arquivo e presentación do traballo persoal. Memoria USB para a presentación de exercicios en formato dixital.
- ⌚ **De apoio/Libro de texto:**
  - 1º ESO **Carpeta láminas 1º CICLO**. Editorial Casals. Edición 2015  
(ISBN 978-84-218-5475-4)
  - 3º ESO **Sen libro de texto**
  - 4º ESO **Sen libro de texto**



- ⌚ **Complementarios:** Serán solicitados polo profesor ao longo do curso en función do traballo a desenvolver e das dispoñibilidade do propio alumno.

## **NUNHA SITUACIÓN DE EDUCACIÓN NON PRESENCIAL**

**Ademais dos anteriores, especifícanse os seguintes:**

Recursos e materiais a empregar	Descrición
Cartafol/dossier de cada tema.	Introdución e exposición dos contidos fundamentais da tarefa en formato dixital en Edixgal e aula virtual.
Proposta de exercicios	Proposta de exercicios en formato dixital. O que permitirá a súa solución, tanto para os alumnos que dispoñen de medios de impresión, como para os que non os teñen accesibles.
Corrección de exercicios	O profesor achegará ao alumnado a través da canle Edixgal ou aula virtual o resultado da corrección do seu exercicio. O alumno deberá completar e/ou corrixir aqueles aspectos indicados nas correccións.
Canles telemáticas	Emprego das canles telemáticas habilitadas pola Consellería de Educación (Edixgal, aula virtual e cisco webex). Valorarase o emprego doutras canles de comunicación en función das posibilidades e recursos dispoñibles pola totalidade do alumnado.
Material do alumno	O alumno utilizará o material tradicional da materia empregado dende o inicio do curso (láminas en formato A4, xogo de escuadras, compás, lápiz de grafito, lápiz de cores). O alumnado poderá combinar o uso dos medios tradicionais de carácter manual cos recursos dixitais que teña ao seu dispor, sempre contando coa previa autorización do profesorado. Habilitarase o medio máis axeitado para que o alumnado poida presentar as tarefas realizadas en papel pasadas ao formato dixital, mediante fotografía, escaneado, etc.

## 7- CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

Este proceso de ensino-aprendizaxe implica levar a cabo unha avaliación que ten por obxectivo determinar até que punto se conseguiron os obxectivos educativos ao redor dos cales se organiza o deseño curricular proposto. A avaliación realizarase de forma continua ao longo do curso, medindo en cada etapa (avaliación) o grao de adquisición e desenvolvemento dos estándares de aprendizaxe avaliábeis.

### 7.1. AVALIACIÓN INICIAL

Abarca un proceso de recollida de información sobre o alumno/grupo. Levarase a cabo unha primeira diagnose e prognóstico; os alumnos realizarán nos primeiros días do

curso unha proba sobre os contidos que foron tratados no currículo das etapas formativas precedentes, co fin e determinar o nivel alcanzado na adquisición e desenvolvemento dos estándares de aprendizaxe avaliábeis de xeito individual polo alumno e polo grupo de referencia con carácter máis xeral, co propósito de valorar e adoptar as medidas de atención á diversidade necesarias.

---

A partires da avaliación inicial poderemos:

---

- Identificar os alumnos ou ás alumnas que necesitan un maior seguimento ou persoalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe (débesse ter en conta a aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar, etc.).
- Saber as medidas organizativas a adoptar. (Planificación de reforzos, localización de espazos, xestión de tempos grupais para favorecer a intervención individual).
- Establecer conclusións sobre as medidas curriculares a adoptar, así como sobre os recursos que se van a empregar.
- Analizar o modelo de seguimento que se vai a utilizar con cada un deles
- Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van a avaliar os progresos destes estudantes.
- Fixar o modo en que se vai a compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe; especialmente, co titor.

## **7.2. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN, PROCEDIMENTOS E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN.**

### **7.2.1 EDUCACIÓN PRESENCIAL**

Levarase a cabo durante todo o curso a través de:

a) **Actividades diarias contabilizan o 60%** da nota e constan de:

-1) **Entrega dun caderno de traballo persoal ou block de debuxo 40%** da nota

Sendo esta unha **materia de carácter eminentemente práctico**, o alumno

realizará un conxunto de actividades especificamente deseñadas polo profesor en relación ao tema a desenvolver. O alumno deberá confeccionar coas actividades diarias propostas e cos traballos complementarios que se desenvolvan ao longo do curso o seu “caderno persoal” ou **block de debuxo**. A puntuación será do 40% da nota.

NOTA: A presentación polo alumno a través do “caderno persoal” ca **totalidade dos traballos** de aula será considerada como condición indispensable para acadar unha avaliación positiva no período correspondente.

**- 2) Traballo na casa 10% da nota**

Contabilizarase con puntos positivos e negativos (exercicios sen facer) o traballo que se mande para a casa (positivos: 0.5, negativos: 0,25).

**- 3) Traballo na aula 10% da nota (seguimento directo)**

Este apartado engloba o traballo e a actitude/comportamento do alumno na aula de cara o profesor, os compañeiros e a asignatura.

**A ter conta para a calificación:**

- **Puntualidade na entrega das actividades.**

Os exercicios recolleranse única e exclusivamente nas datas de entrega. Aqueles alumnos que non o fagan poderán entregalos ao final da avaliación correspondente. Nestes casos, reducirase a nota nun 20%.

- **Emprego do material específico.**

O emprego de material específico e propio que require a asignatura é imprescindible para un desenrolo axeitado da materia; e por o tanto, é obrigatorio que o alumno asista diariamente a clase co material correspondente aos contidos que se impartan en cada momento. No caso de que o alumno asista a clase reiteradamente sen o material específico necesario, suporálle unha redución do 10% da nota.

**b) Probas específicas de avaliación/exames teórico-prácticos contabilizan un 40%**  
da nota.

-1º ESO: realizarase unha única proba escrita para o bloque de contidos de Debuxo Técnico.

-3º ESO: realizaranse tres probas escritas para o bloque de contidos de Debuxo Técnico.

-4º ESO: realizarase unha proba oral para o bloque de contidos de Debuxo Técnico. Consistirá en facerlle 5 preguntas a cada alumno sobre a realización e o deseño do proxecto persoal de debuxo técnico que deberán entregar para este bloque de contidos.

#### NOTAS:

– Nas avaliacións correspondentes que non se imparta o bloque de contidos de debuxo técnico, e por tanto non se realicen probas escritas, o apartado *a) actividades diarias e/ou a entrega do Block de debuxo* pasarán de contabilizar dun 50% a un 90% da nota.

– Realizarase tamén unha proba escrita dun libro-cómic de lectura obrigatoria en 1º e 4º curso (non correspondente co bloque de contidos de debuxo técnico) e contabilizará un 45% da nota global, dentro do apartado *a) actividades diarias* (apartado que como se especificou anteriormente, neste caso, fóra do bloque de contidos de Debuxo Técnico, contabilizaría un 90%).

– Para obter unha cualificación positiva será necesario superar cada un dos apartados expostos anteriormente:

1. *a) actividades diarias*

2. *b) probas específicas*

#### 7.2.2 EDUCACIÓN NON PRESENCIAL

Nesta situación extraordinaria de educación non presencial avaliarase do seguinte xeito:

- 1. **Parte teórico-práctica:** asistencia a través da plataforma Webex ás videoconferencias-vídeoclasas e participación e implicación nas mesmas mediante a interacción entre o alumno e o profesor, 20% da nota.
- 2. **Entrega das tarefas e ou traballos** a través da Aula Virtual e/ou Edixgal, 80 % da nota.

## 7.3. MECANISMOS DE RECUPERACIÓN

### 7.3.1 EDUCACIÓN PRESENCIAL

Para cada unha das avaliacións previstas deseñaranse procesos de recuperación dos estándares de apredizaxe avaliados contemplados no período non alcanzados polos alumnos con cualificación INSUFICIENTE. Ao final de cada avaliación levaranse a cabo as recuperacións.

Este proceso de recuperación constará de dúas partes:

- 🕒 **CADERNO/CARPETA PERSOAL:** datarase unha nova entrega de recuperación dos traballos e tarefas diarias realizadas na aula nos que o alumno non alcanzou os obxectivos e estándares previstos no período avaliado ou, se é o caso, entrega do caderno persoal por si anteriormente non o entregou.
  
- 🕒 **PROBA TEÓRICO-PRÁCTICA / EXAME (só para os contidos do bloque de debuxo técnico e/ou do libro de lectura):** programación e realización dunha proba específica teórica (de 10 preguntas) de recuperación conceptual e procedimental que evalúe as capacidades e estándares de aprendizaxe adquiridas polo alumno; sempre co obxectivo de que se poida constatar que este alcanzou de maneira satisfactoria alomenos os obxectivos mínimos establecidos pola presente programación para o período avaliado.

### 7.3.2 EDUCACIÓN NON PRESENCIAL

- Este proceso de recuperación constará dunha única parte:  
**Entrega do CADERNO/CARPETA PERSOAL de TAREFAS:** fixarase a recuperación mediante unha nova entrega telemática dos traballos e tarefas diarias realizadas nos que o alumno non alcanzou os obxectivos e estándares imprescindibles previstos no período avaliado; E se é o caso, posibilidade dunha nova entrega do caderno persoal por si algún alumno non fixo a entrega anteriormente.

## **RECUPERACIÓN FINAL DE XUÑO**

No caso de que en xuño algún alumno non recuperara algunhas das partes da materia poderá demostrar que acadou os estándares de aprendizaxe cunha nova entrega da carpeta final de tarefas e/ou realización dun **exame teórico-práctico de debuxo técnico** (só, correspondente aos contidos do bloque de debuxo técnico).

No caso de non superar con esta recuperación a consecución dos contidos mínimos, o alumno deberá acudir á proba extraordinaria de setembro.

**Nunha situación de educación non presencial no mes de xuño:** só se entregará telemáticamente a **carpeta de tarefas** (incluíndo dentro destas, tarefas correspondentes aos contidos do bloque de debuxo técnico), polo tanto quedaría **anulado o exame teórico-práctico**.

## **7.4. AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA DE XUÑO.**

Na convocatoria extraordinaria de xuño se o alumno tivera aprobada ata ese momento algunha das partes da materia: carpeta de traballos ou exames (de debuxo técnico e/ou libro de lectura), este só deberá avaliarse da parte suspensa:

- **Exame:** a proba constará da realización dun exame teórico-práctico de 10 preguntas valoradas cada unha con un punto.
- Entrega da carpeta de traballos: presentará unha carpeta de láminas correspondentes ás realizadas durante todo o curso. Deberá entregar un mínimo de 10 láminas e cada unha valorarase de 0 a 10. Obterá a media numérica da totalidade das láminas.
- A nota final para superar a materia deberá ser de un mínimo de nota 5 en calquera dos casos
- O alumno que tivera as dúas partes suspensas deberá aprobar o exame e a carpeta de traballos.

**Nunha situación de educación non presencial para a proba extraordinaria de xuño:** só se entregará telemáticamente a **carpeta de tarefas** (incluíndo dentro destas, tarefas correspondentes aos contidos do bloque de debuxo técnico), polo tanto quedaría **anulado o exame teórico-práctico**.

## 7.5. PLAN DE MATERIAS PENDENTES E AVALIACIÓN.

Neste presente curso 2021-2022 non hai ningún alumno matriculado no centro con materias do departamento suspensas. Se ao longo do curso se dera o caso de alumnado novo nesta situación, o proceso de recuperación establecido permitiríalles acadar os estándares de aprendizaxe correspondentes ao período suspenso. Constan no apartado seguinte.

### • 7.5.1. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS

#### ◦ **Ao longo do curso:**

Para o alumnado que tivera a materia pendente proporcionaríasele trimestralmente unha carpeta de exercicios relacionados cos contidos mínimos esixibles que figuran nesta programación. O alumno deberá entregar a carpeta cas actividades realizadas nas datas que estableza o profesor e obterá unha nota trimestralmente. Como non se dispón dun tempo específico para clases de recuperación, empregaranse os recreos para facer o seguimento das actividades propostas. Para este fin, establécense como mínimo dúas reunións por avaliación: a comezos, para a presentación dos exercicios e no medio, para o control dos mesmos e resolución de dúbidas. A entrega da carpeta será cara o final de cada avaliación. Así mesmo, durante este tempo estarase a disposición do alumno para calquera consulta.

A finais do mes de abril emitirase unha cualificación, que terá en conta tanto o resultado das notas trimestrales como a actitude do alumno ao longo de todo o proceso.

#### ◦ **Proba final de Maio:**

Aqueles alumnos que non superen a materia a través da entrega periódica de exercicios, teñen dereito a un exame final de carácter global que abrangue a totalidade da materia; estes serán avaliados no mes de maio.

- Tanto o **contido** como as **datas** das probas ou entregas de material, serán comunicados con antelación aos alumnos con materias pendentes.

**Nunha situación de educación non presencial ao longo do curso:** entregárase



telemáticamente a **carpeta de tarefas cara o final de cada avaliación**. A finais do mes de abril emitirase unha cualificación, que terá en conta tanto o resultado das notas trimestrales como a actitude do alumno ao longo de todo o proceso.

**Nunha situación de educación non presencial no mes de maio:** aqueles alumnos que non superen a materia a través da entrega periódica de exercicios, terán dereito a unha **nova entrega final da CARPETA DE TAREFAS**; E polo tanto quedaría **anulado o exame teórico-práctico**.

## **8- ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

As medidas de atención á diversidade estarán orientadas a reponder ás necesidades educativas concretas do alumnado e á consecución das competencias básicas e dos obxectivos da educación secundaria obrigatoria.

Aténdese aos seguintes aspectos:

– **Atención na programación**

Tendo en conta que non todos os alumnos adquiren ao mesmo tempo e coa mesma intensidade os conceptos tratados, a programación está deseñada de modo que asegura un nivel mínimo para todos os alumnos ao final da etapa, prestando oportunidades para recuperar o non adquirido no seu momento.

– **Metodoloxías diversas**

O modelo xeral dos métodos de traballo que se empreguen debe ser tal que a ensinanza/ aprendizaxe resulte realmente motivadora, activa e creativa, nunca repetitiva nin imitativa. Cada tipo de contidos requirirá un método axustado ás súas características e diversificado segundo a diversidade do alumnado. As didácticas terán en conta o punto de partida de cada alumno/a e do grupo en xeral, as súas dificultades específicas e as súas necesidades.

– **Agrupamentos flexibles de alumnos**

Fomentaranse os diferentes agrupamentos, xa que unha maior homoxeneidade entre os alumnos facilita ao profesor a distribución de material de apoio e, sobre todo, facilita a intercomunicación entre os propios estudantes co conseguinte enriquecemento conceptual e humano. Por iso, no desenvolvemento do curso académico utilizaranse diversas técnicas de agrupamento (libre por iniciativa dos

alumnos, libre con influencia do profesor, condicionado polo profesor) co obxectivo de procurar non só a aprendizaxe dos contidos escolares senón tamén a socialización dos alumnos, a cooperación e o traballo en equipo. Ao mesmo tempo, as técnicas de agrupamento pretenden favorecer o feito de que alumnas e alumnos aprendan a aceptarse mutuamente e a cooperar, con vistas á consecución duns obxectivos previamente establecidos, mellorando o desenvolvemento intelectual e afectivo dos estudantes.

– **Actividades diferenciadas:**

**Actividades de reforzo**

Son as deseñadas para os alumnos e as alumnas que non acaden os obxetivos previstos coas actividades de desenvolvemento ordinarias tomando como base os contidos mínimos recollidos nesta Programación (sinalados en negrita).

**Actividades de ampliación**

Previstas para alumnos e alumnas que alcanzando os obxetivos previstos, poden ampliar os seus coñecementos.

**Alumnos con necesidades educativas especiais**

Previstas para alumnos que presente atencións educativas específicas derivadas de discapacidade ou trastornos graves da conducta. Deseño de adaptacións curriculares específicas en función das posibilidades e necesidades educativas do alumno (previa avaliación das mesmas).

## **9- TRANSVERSALIDADE**

A aprendizaxe baseada en competencias caracterízase pola súa transversalidade, o seu dinamismo e o seu carácter integral. A educación ten como fin primordial o pleno desenvolvemento da personalidade do alumno, así é necesario non só considerar os aspectos estritamente académicos de cada unha das disciplinas, senón tamén outra serie de aspectos relacionados ca transversalidade.

A pretensión é que **todos os temas transversais propostos sexan tratados en relación ao desenvolvemento teórico-práctico dos contidos programados nas materias do Departamento**. Os temas transversais tratados no presente deseño curricular son os seguintes:

1. **Educación moral e cívica.** Marcando dende o primeiro día de clase unha forma de actuación e unhas pautas de comportamento e responsabilidade na aula, tanto na relación profesor-alumno como na relación entre os membros do grupo.
